

RESUMO CONVOCATORIA 2025

1. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por VIA ELECTRÓNICA a través da sede electrónica da Xunta de Galicia:

PE155A - Axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativas.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PE155A>

2. LOCALIZACIÓN DOS PROXECTOS

PROXECTOS LOCALIZADOS NO AMBITO TERRITORIAL: A Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada

*excepcións: no Concello de A Coruña, por ser un municipio densamente poboado non computa a totalidade da poboación (só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias), polo que só poderán ser beneficiarios de axudas para levar a cabo proxectos en A Coruña:

- As persoas xurídicas do sector pesqueiro con domicilio social e fiscal no municipio e en cuxo obxecto social figuren actividades propias do sector pesqueiro.
- As entidades públicas locais cuxos proxectos están dirixidos especificamente á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

3. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES

No marco deste réxime de axudas, os proxectos e actuacións subvencionables deberán acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

- a) Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.
- b) Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fora do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.
- c) Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.
- d) Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo
- e) Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Os proxectos serán subvencionables en función da dispoñibilidade de orzamento nos obxectivos estratéxicos do plan financeiro da EDLP do GALP Golfo Ártabro Sur. (Consultar co equipo técnico do GALP).

4. REQUISITOS

- a. Apoiar o logro da prioridade 3 do FEMPA, ser coherentes coa EDLP do GALP Golfo Ártabro Sur e contribuír aos obxectivos da mesma.
- b. Estar localizados no ámbito territorial elixible do Galp Golfo Ártabro Sur.
- c. Ser Viables técnica, financeira e economicamente.
- d. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto. En particular, aplicarase a lexislación en materia de accesibilidade para as persoas con discapacidade e en materia medioambiental, cando corresponda polo obxecto das operacións.
- e. Non estar iniciados na data de presentación da solicitude de axuda.
- f. Naqueles supostos de proxectos para investimentos que supoñan a realización dunha ACTIVIDADE ECONÓMICA e que se amparen no Regulamento (UE) núm. 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis (DO L 352, do 24 de decembro), esixirase a creación, como mínimo, **DUN POSTO DE TRABALLO A TEMPO COMPLETO (1 UTA)**.
- g. Os proxectos terán un **orçamento subvencionable na anualidade 2025** que será, polo menos, o **10% do importe total elixible**.

5. OUTROS REQUISITOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

Requisitos en **MATERIA AMBIENTAL** para INVESTIMENTOS MATERIAIS. (VER ARTIGO 4.2. DA ORDE DE AXUDAS)

No caso de inversións materiais fora de solos urbanos ou urbanizables ordeados ou sectorializados, debe proporcionarse a localización cartográfica e xeorreferenciación (incluíndo superficies ocupadas e zonas de obtención de recursos naturais e de vertido de augas residuais ou retornadas ou de residuos. Se a inversión fora móbil, concretarse o rango de mobilidade.

Documentación a achegar se procede, coa SOLICITUDE (MEDIOAMBIENTAIS):

- a) Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable ou informe de impacto ambiental segundo se trate de avaliación de impacto ambiental ordinaria ou simplificada, no caso que corresponda. As condicións deberán ter sido incorporadas ao proxecto, no seu caso.
- b) Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas, extremo que se acreditará coa autorización correspondente (nos proxectos sometidos a AIA considerase acreditado o cumprimento da avaliación), no caso que sexa preciso.
- c) Informe técnico, ao respecto de garantir a protección fronte ao cambio climático establecida no artigo 2.42 do Regulamento (UE) 2021/1060, e analizará a mitigación do cambio climático (neutralidade climática) e a adaptación a el (investimento en infraestruturas de vida útil sexa como mínimo de 5 anos). PARA CONSIDERAR VÁLIDO OS INFORMES, ESTES DEBERÁN ANALIZAR TANTO A MITIGACIÓN COMO A ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO E PRONUNCIARSE SOBRE OS DOUS ASPECTOS.
- d) Informes medioambientais no caso de espazos na Rede Natura 2000 (excepto para as operacións materiais que se localicen sobre solo urbano ou urbanizable ordenado ou sectoriado ou dos proxectos sometidos a AIA “Avaliación de Impacto Ambiental” nos que a acreditación de cumprimento da AIA, será suficiente).
- e) No caso de actuacións que supoñan modificacións hidromorfolóxicas das masas de auga, cumprir o disposto no Real Decreto 907/2007 (presentar documentación acreditativa).

- f) Cumprir os requisitos dos procedementos de autorización en materia de recollida e xestión de desfeitos orgánicos xerados no caso de investimentos en creación ou ampliación de instalacións.
- g) No caso de construcións, ser compatibles coas normas e directrices dos espazos naturais, a paisaxe e o patrimonio cultural que sexan de aplicación.
- h) Autorización ou concesión do organismo competente no caso de actuacións sobre o DPH, DPMT, zonas de servidumbre ou policía, montes de utilidade pública ou vías pecuarias.
- i) No caso de proxectos que requiren a realización de obra, polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 170504 na listaxe europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados na execución do proxecto preparárase para a súa reutilización, reciclaxe ou recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír a outros materiais, e acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
- j) Para actuacións de conservación, divulgación ou posta en valor de elementos do patrimonio cultural cumprírase o disposto na normativa en materia de patrimonio.

6. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

IMPORTANTE. Ver artigo 7 da orde de axudas. Obrigas das persoas beneficiarias.

- a. **Pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas, con domicilio fiscal e social na Comunidade Autónoma de Galicia. As entidades terán personalidade xurídica.**
- b. **Persoas xurídicas sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal e social na Comunidade Autónoma de Galicia:**
 - i. Confrarías de Pescadores e as súas federacións
 - ii. Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións
 - iii. Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro
 - iv. Entidades públicas locais
 - v. Asociacións declaradas de utilidade pública
 - vi. Entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos, algún dos seguintes:
 - 1. Fomentar as actividades náuticas.
 - 2. Promocionar os produtos pesqueiros do territorio.
 - 3. Fomentar o ambiente mariño e costeiro.
 - 4. Promover o patrimonio cultural marítimo pesqueiro.
 - vii. **No caso de municipios densamente poboados** nos que na EDLP non computa a totalidade da poboación (só a integrante do sector pesqueiro e os seus familiares), soamente poderán ser beneficiarios:
 - 1. As persoas xurídicas do sector pesqueiro con domicilio social e fiscal no municipio e en cuxo obxecto social figuren propias do sector pesqueiro.
 - 2. As entidades públicas locais cuxos proxectos están dirixidos especificamente á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

Para ser elixibles as persoas beneficiarias disporán de capacidade administrativa, financeira e operativa. Ademais, no caso de operacións que implique investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos, a persoa disporá de recursos e mecanismos financeiros necesarios para cubrir os costes de funcionamento e mantemento das operacións, para garantir a súa sustentabilidade financeira.

7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Con carácter xeral, xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación, acompañada dun índice e ordenada segundo se indica a continuación:

7.1. DOCUMENTACIÓN MÍNIMA A PRESENTAR

IMPORTANTE: *A non presentación desta documentación debidamente cuberta dará lugar á resolución de inadmisión da solicitude de axuda.*

- **01. ANEXO I**

Formulario Normalizado de solicitude de axuda (debidamente cuberto en todos os apartados que proceda) As persoas solicitantes realizarán as declaracións responsables indicadas na orde de axudas, empregando o formulario do Anexo I.

Este anexo cóbrese directamente na sede electrónica ao presentar a axuda.

- **02. MEMORIA E ORZAMENTO**

Memoria e orzamento que conteña unha descrición do proxecto conforme o modelo que figura na páxina web.

No caso de que o proxecto poida desenvolverse por fases susceptibles de produciren efectos independentes, farase constar de maneira expresa e describirase cada unha destas e os seus obxectivos independentemente.

Os proxectos incluírán a información relativa aos indicadores previstos de resultados da prioridade 3 no Programa FEMPA.

No caso de inversións materiais fora de solos urbanos ou urbanizables ordeados ou sectorializados, debe proporcionarse a localización cartográfica e xeorreferenciación (incluíndo superficies ocupadas e zonas de obtención de recursos naturais e de vertido de augas residuais ou retornadas ou de residuos.

No caso de que a instalación ou actuación fora móbil, concretarase o seu rango de mobilidade.

- **03. PLAN ECONÓMICO (EXCEL)**

Plan Económico conforme o modelo que figura na páxina web. ***Os proxectos que non supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica non precisarán presentar o excel do plan económico.***

7.2. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

IMPORTANTE (proxectos plurianuais): Será obrigatoria a **prestación de garantías** (avais bancarios) para a expedición de pagamentos parciais cando a contía da **subvención exceda os 18.000 euros** (este importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados parciais), **coa excepción dos casos previstos no artigo 65.4 do Regulamento da Lei 9/2007 e das confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas exclusivamente por profesionais dou entidades do sector pesqueiro.**

O custe desta garantía poderá incluírse como gasto subvencionable, para o que haberá que presentar coa solicitude unha única oferta que se acreditará mediante documento bancario.

04. Comprobación de datos:

No caso de non opoñerse á consulta e/ou no caso de autorización á consulta, deberá cumprimentar no ANEXO I os datos que se indican a continuación; noutro caso, deberá achegar todos os documentos nos que se opuxo á consulta e aos que non se deu consentimento para a COMPROBACIÓN DE DATOS:

01. DNI/NIE da persoa solicitante
02. DNI/NIE da persoa representante
03. NIF da persoa xurídica ou entidade solicitante
04. Certificado de residencia con data da última variación padroal da persoa física solicitante
05. Domicilio fiscal
06. Consulta concesión subvencións ou axudas
07. Consulta inhabilitacións para obter subvencións
08. Consulta mínimos
09. Imposto actividades económicas
10. Informe vida laboral
11. Consulta vida laboral nos últimos 5 anos
12. Datos catastrais
13. Certificación descritiva e gráfica de inmobles da dirección xeral do catastro
14. Certificado de estar ao corrente SS
15. Certificado ATRIGA
16. Certificado AEAT

05. Acreditación da personalidade:

05.01. Autorización para presentar a solicitude por persoa/entidade distinta do promotor (modelo de representación debidamente cuberto e asinado ou calquera outro medio fideglinlo válido en dereito)

05.02. Documentación Persoa xurídica (empresas, asociacións, confrarías)

- **05.02.01. NIF:** NIF entidade solicitante (senón autorizan consulta)
- **05.02.02. DNI:** da persoa representante (senón autorizan consulta) e dos socios que forman a sociedade
- **05.02.03. CERTIFICADO:** Certificación do órgano competente na cal se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para formular a solicitude ao asinante dela. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos Estatutos, indicarse así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. No caso de Asociacións certificado acordo Xunta Directiva, Asemblea Xeral....
- **05.02.04. CERTIFICADO:** Certificación do órgano competente na cal se acredite o desempeño actual do representante. No caso de Asociacións Certificado actualizado do nomeamento do representante emitido polo Rexistro de Asociacións.
- **05.02.05. DOC ADMINISTRATIVA:** Copia da escritura de constitución ou dos Estatutos da entidade debidamente inscritos no rexistro correspondente, ou ben nota simple do Rexistro Mercantil na que figuren como mínimo, os datos xerais da entidade (denominación, domicilio, NIF, obxecto social, código CNAE) e os relativos á súa representación social. Últimas escrituras coas modificacións pertinentes si

fóra o caso. No caso das Asociacións Estatutos e acta fundacional debidamente rexistrados no Rexistro de Asociacións, ou onde proceda.

Quedan exoneradas do cumprimento deste requisito as confrarías de pescadores e as súas federacións, por estar xa a devandita documentación en poder da Consellería do Mar.

- **05.02.06. CERTIFICADO:** Conta bancaria da entidade
- **05.02.07. DECLARACIÓN CENSAL:** Alta no censo de empresarios, profesionais e retenedores (modelos 036/037), ou certificación da exención, de ser o caso, do imposto sobre actividades económicas (IAE). (Proxectos de investimento para a execución dunha actividade económica)
- **05.02.08. CERTIFICADO:** Acreditación do IVE soportado non recuperable polo promotor, se é o caso
- **05.02.09.** Informe asinado polo organismo competente de dispor de partida orzamentaria reservada para afrontar o proxecto.
- **05.02.10.** Declaración asinada, conforme no momento de presentar a solicitude non dispón nin foron executadas as actividades descritas no cadro de gastos da memoria, sendo a data de inicio a data da factura correspondente segundo artigo 9.8. da Orde de axudas.

Cando o beneficiario sexa unha sociedade de capital, o proxecto deberá adecuarse ao obxecto social que se recolla nos seus Estatutos. A actividade en que consista o proxecto presentado para a solicitude de axuda deberá estar incluída no obxecto social da persoa xurídica solicitante con anterioridade á data da solicitude.

05.03. Documentación Persoa xurídica. autónoma

- **05.03.01 DNI.** DNI da persoa solicitante.
- **05.03.02 CERTIFICADO.** Certificado de empadramento da persoa solicitante.
- **05.03.03. CERTIFICADO.** Certificado de conta bancaria
- **05.03.04. RESOLUCIÓN TGSS.** Xustificación de estar de alta no réxime da Seguridade Social correspondente. (No caso de que se valore a creación de emprego da persoa traballadora autónoma, considerase válida para a xustificación do mesmo a acreditación de alta realizada no réxime correspondente nos dous meses anteriores á solicitude de axuda).
- **05.03.05.** Informe asinado polo organismo competente de dispor de partida orzamentaria reservada para afrontar o proxecto.
- **05.03.06.** Declaración asinada, conforme no momento de presentar a solicitude non dispón nin foron executadas as actividades descritas no cadro de gastos da memoria, sendo a data de inicio a data da factura correspondente segundo artigo 9.8. da Orde de axudas.

05.04. Documentación administracións locais. Concellos

- **05.04.01 NIF:** NIF entidade (senón autorizan consulta)
- **05.04.02 DNI:** da persoa representante (senón autorizan consulta)
- **05.04.03. CERTIFICADO:** Certificación do órgano competente na cal se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para formular a solicitude ao asinante.
- **05.04.04. CERTIFICADO:** Certificación do órgano competente na cal se acredite o desempeño actual do representante.
- **05.04.05. CERTIFICADO:** No caso de entidades públicas de carácter local, deberá achegarse un certificado do secretario do concello ou do órgano competente conforme que o IVE soportado non é recuperable e a entidade non ten a condición de SUXEITO PASIVO, de acordo coa definición do artigo

13, número 1, parágrafo primeiro da Directiva 2006/112/CE do Consello do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.

- **05.04.06.** Declaración asinada por técnico competente de non ser un servizo de prestación obrigatoria do concello. Presentar xustificación documentada de que ao ser un proxecto promovido por unha entidade local, non está asociado a un servizo de prestación obrigatoria, nos termos previstos nos artigos 26 e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigo 12 apartado O da Orde de Axudas).
- **05.04.07.** Declaración asinada por técnico competente de que o proxecto está encadrado dentro das funcións públicas do Concello.
- **05.04.08.** Declaración asinada e fundamentada de que o proxecto responde aos criterios de interese colectivo e beneficiario colectivo. (Deberá explicar porque cumpre estes requisitos)
- **05.04.09.** Xustificar a sustentabilidade económica do proxecto. As entidades públicas locais achegarán un informe xustificativo emitido e asinado polo órgano competente.
- **05.04.10.** Informe asinado polo organismo competente (tesourería, intervención...) de dispor de partida orzamentaria reservada para afrontar o proxecto, así como compromiso de cofinanciación en caso de non recibir a totalidade da axuda solicitada.
- **05.04.11.** Declaración asinada, conforme no momento de presentar a solicitude non dispón nin foron executadas as actividades descritas no cadro de gastos da memoria), sendo a data de inicio a data da factura correspondente segundo artigo 9.8. da Orde de axudas.
- **05.04.12.** Certificado/informe do habilitado corresponde da entidade pública local, conforme que os gastos/investmentos descritos nos cadros da memoria se axustan a prezos de mercado.

06.Documentación acreditativa da condición de pequena e mediana empresa (peme):

Para a determinación desta condición terase en conta o número de persoas empregadas no último exercicio (incluídos, no seu caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos) e volume de negocios (impostos incluídos)

As persoas/entidades solicitantes de axuda deberán cubrir o que proceda nos seguintes anexos:

- **06.01. ANEXO IIA** para persoas físicas
- **06.02. ANEXO IIB** para persoas xurídicas

Copias das contas depositadas no rexistro mercantil correspondentes ao último ano do solicitante e de todas aquelas nas que participa e/ou está participada en máis dun 25% por outras empresas.

07. ANEXO I BIS. Declaración responsable sobre a aplicación da normativa en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade conforme ao anexo

08. OFERTAS (ORZAMENTOS). Documentación xustificativa dos custos incluídos (orzamentos, contratos, facturas proforma, etc..)

- o Orzamento detallado de cada un das accións propostas, no que o IVE deberá vir separado. O orzamento deberá estruturarse en conceptos detallados e coincidentes cos orzamentos e facturas proformas presentadas.
- o Independentemente do importe das actuacións ou inversións previstas, haberá que achegar coa solicitude como mínimo **TRES ofertas de distintos provedores**, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais

características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

- o As ofertas presentadas deberán coincidir en conceptos para facilitar a comparación entre elas. O orzamento deberá estruturarse en conceptos detallados e coincidentes cos orzamentos e facturas proforma, así como coas facturas que se presenten na fase de xustificación de axudas.
- o Todas as ofertas presentadas por cada actuación deberán levar os datos de identidade e enderezo do proveedor, así como os datos completos da entidade/persoa que solicita.
- o A elección entre as ofertas presentadas, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia económica, e deberá xustificarse a elección expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- o No caso dos proxectos de obra as ofertas se valorarán polo conxunto da totalidade do proxecto e non por cada partida individualizada.
- o No caso de garantías contempladas no artigo 9.3) poderá presentarse só unha oferta que se acreditará mediante documento bancario.
- o Como excepción, **as entidades públicas locais** poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa solicitude pagamento, achegando unha certificación das propostas ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva. **PRESENTAR NA FASE DE SOLICITUDE CERTIFICADO/INFORME DO HABILITADO CORRESPONDENTE DO CONCELLO INDICANDO QUE OS IMPORTES INDICADOS NA MEMORIA ESTÁN DENTRO DOS PREZOS DE MERCADO**

08.01. Declaración asinada de non vinculación cos provedores que presentan as ofertas, de acordo co artigo 27.7. da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

09. Proxecto técnico de execución valorado, se é necesario

- o Nos supostos de operacións que inclúan un acto de edificación ou calquera outra actuación das sometidas a licenza urbanística municipal, deberá presentarse proxecto técnico completo e valorado redactado por técnico competente. Medición desagregada por partidas e prezos unitarios das mesmas.
- o Nos supostos de operacións que inclúan actos de edificación, intervencións en edificios existentes ou uso do solo e subsolo sometidos ao réxime de comunicación previa para o seu control municipal, deberá presentarse unha descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente esixible, de conformidade co establecido no artigo 361.1. b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; en ambos os casos, con medición desagregada por partidas e prezos unitarios das mesmas.
- o O proxecto técnico ou a descrición técnica, segundo o caso, axustaranse á normativa vixente en materia de accesibilidade e deberá pronunciarse sobre o cumprimento da normativa de ordenación urbanística de aplicación.
- o **IMPORTANTE.** No caso das licenzas de obra, o importe do proxecto de execución material non poderá ser inferior ao importe do proxecto subvencionado. Se procede, presentar xustificante taxas ICIO pagadas ao concello.

10. Acreditación da capacidade legal do uso e desfrute ou propiedade dos bens relacionados co proxecto.

No caso de que o proxecto o requira, no momento da solicitude, o promotor deberá acreditar a titularidade dos terreos, bens mobles ou inmoables sobre os que se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade destes

durante o período mínimo equivalente ao que se vai a esixir a permanencia da inversión. A acreditación deberá realizarse mediante documento público ou escritura pública.

Na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, no momento da solicitude terá que ter resoltas as autorizacións e/ou permisos para levar a cabo o proxecto.

No caso en que a titularidade estea sometida ao réxime de gananciais, esixirase escritura pública que recolla a autorización para dispor deles durante o período mínimo equivalente ao que se vai a esixir a permanencia da inversión.

12. Para acreditar a condición de familiar (segundo artigo 5 da Orde de Axudas) deberase presentar a seguinte documentación.

- Libros de familia nos que figuren todos os membros da unidade familiar e/ou documentación acreditativa do parentesco.
- Documentación que acredite a condición de pescador/a, mariscador/a, acuicultor/a ou traballador/a do sector pesqueiro, dun membro da unidade familiar.

13. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos en materia ambiental para investimentos materiais.

- o Informe de técnico competente que garanta a protección FRONTE O CAMBIO CLIMÁTICO das inversións e infraestruturas cuxa vida útil sexa como mínimo de cinco anos. O informe terá en conta a definición de protección fronte ao cambio climático establecida no artigo 2.42 do Regulamento (UE) 2021/1060, e analizará a mitigación do cambio climático (neutralidade climática) e a adaptación a este.

Este informe non se exixirá no caso de que o proxecto fose obxecto de avaliación de impacto ambiental e xa consten disposicións sobre o cambio climático no informe ou declaración de impacto ambiental. Neste caso considerase acreditada a condición de protección.

De acordo co contido do artigo 16 punto 1 apartado h) da orde de bases reguladoras, no caso de investimentos cuxa vida útil sexa como mínimo de 5 anos, entre a documentación complementaria do proxecto deberá presentarse:

Informe de técnico competente que garanta a protección fronte ao cambio climático dos investimentos en infraestruturas cuxa vida útil sexa, como mínimo, de cinco anos.

O segundo parágrafo do mesmo apartado h) especifica o contido do informe:

O informe terá en conta a definición de protección fronte ao cambio climático establecida no artigo 2.42 do Regulamento (UE) 2021/1060, e analizará a mitigación do cambio climático (neutralidade climática) e a adaptación a el.

RECORDAMOSLLE que para considerar válido os informes, estes deberán analizar tanto a mitigación como a adaptación ao cambio climático e pronunciarse sobre os dous aspectos.

No caso de que os informes non analicen estes dous aspectos, non poderán considerarse válidos e polo tanto o proxecto non cumprirá os requisitos para ser subvencionable.

- o De ser o caso, presentar a DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA) do proxecto favorable á súa execución ou o informe de impacto ambiental favorable do proxecto, segundo se trate de avaliación de

impacto ambiental ordinaria ou simplificada, respectivamente. As condicións deberán ser tido incorporadas ao proxecto, no seu caso.

- o Autorización correspondente, no caso de que se inclúan actuacións dentro do ámbito de aplicación do Real Decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de COMPATIBILIDADE COAS ESTRATEXIAS MARIÑAS, presentarse a autorización correspondente.
En proxectos sometidos a Avaliación de Impacto Ambiental, a acreditación do cumprimento da avaliación permitirá considerar xustificado este requisito.
- o INFORMES MEDIOAMBIENTAIS, OU NO SEU DEFECTO, A SOLICITUDE ante os órganos competentes, no caso de que o proxecto comprenda zonas incluídas na Rede Natura 2000, Áreas Mariñas Protexidas ou Espazos Naturais Protexidos.
- o Autorización do organismo correspondente conforme ao Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, ou no seu defecto, a solicitude ante o órgano competente, no caso de actuacións que supoñan MODIFICACIÓNS HIDROMORFOLÓXICAS DE MASAS DE AUGA.
- o Autorización ou solicitude ante o órgano competente, no caso de inversións en novas instalacións ou ampliacións para RECOLLIDA DE RESIDUOS E XESTIÓN DE DESFEITOS XERADOS.
- o Autorización ou informe favorable, ou no seu defecto, solicitude ante o órgano competente, no caso de construcións que deban ser compatibles coas normas e directrices de ESPAZOS NATURAIS, PAISAXE OU PATRIMONIO CULTURAL.
- o Autorización o informe favorable da administración competente no devandito patrimonio, ou no seu defecto, solicitude, no caso de ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN, DIVULGACIÓN OU POSTA EN VALOR DE ELEMENTOS DE PATRIMONIO CULTURAL.
- o No caso de actuacións prohibidas pola normativa de PROTECCIÓN DE RECURSOS PESQUEIROS, MEDIO MARIÑO, ESPAZOS PROTEXIDOS OU BIODIVERSIDADE, presentarán autorización no caso de que a norma expresamente o contemple, ou no seu defecto, solicitude ante o órgano competente.
- o Informe previo de clasificación indicativa de aloxamento turístico emitido pola área provincial de A Coruña da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.
- o **Informe asinado por técnico competente**, conforme é de obrigado cumprimento os requisitos medioambientais sinalados anteriormente, ou se non proceden indicar que non son necesarios tendo en conta a normativa.

14. Documentación necesaria para a correcta valoración do proxecto presentado. VER BAREMOS GALP GOLFO ÁRTABRO SUR

- o No caso dos proxectos nos que contemple a **creación e/ou mantemento de emprego**:
 - Informe da Seguridade Social de traballadores en alta na data da solicitude. (ITA)
 - Plantilla media de traballadores dun ano para atrás a contar dende a data de solicitude

- Declaración responsable de mantemento e/ou creación de emprego debidamente cuberta e asinada.
- o A efectos de demostrar a **viabilidade técnica do proxecto**, poderá presentarse: informes técnicos favorables asinados; licenzas e/ou autorizacións para a realización do proxecto; compromiso asinado por técnico competente de manter a actuación como mínimo por 5 anos, outros que consideren oportunos.
- o Documentación que permita determinar a **viabilidade financeira e económica do proxecto**: Informe de solvencia económica e financeira emitido por entidade bancaria; contas anuais aprobadas e rexistradas; IRPF dos tres últimos exercicios presentados; solicitude e/ou concesión préstamo para o desenvolvemento do proxecto; avais ou garantías; declaración do patrimonio..... Xustificar a suficiencia financeira para a posta en marcha do proxecto: propia ou externa.
- o A efectos de valorar o **carácter innovador do proxecto**, poderase presentar un Informe técnico do Concello correspondente de que a actividade do proxecto é inexistente ou insuficiente, ou calquera outro documento similar acreditativo.
- o Se procede, relación da maquinaria e equipamento do que dispón actualmente, indicando número de series ou modelos dos mesmos.
- o Se procede, información sobre as funcións que se pretenden realizar coa maquinaria e equipamento solicitado. Xustificar moi claramente a necesidade do mesmo, así como detallar os servizos que prestaría na entidade, a efectos de xustificar a súa necesidade.
- o Declaración asinada e fundamentada de que o proxecto responde **aos criterios de interese colectivo, beneficiario colectivo e/ou da pesca costeira artesanal** (Deberá explicar porque cumpre estes requisitos). Acreditar que a operación está vinculada á pesca costeira artesanal con Informes; permex...
- o Declaración asinada e fundamentada conforme cumpre algún dos **principios horizontais e outros**: igualdade de xénero (proxectos que impliquen unha maior participación, empoderamento e liderado das mulleres no sector pesqueiro. Accións que melloren as condicións de traballo das profesionais do sector. Accións de sensibilización en materia de igualdade), non discriminación (accións que impliquen a integración social de diferentes colectivos); reto demográfico (accións que contribúan a fixación da poboación nas zonas costeiras).
- o Contar con **convenios de colaboración e/ou participación do sector pesqueiro** que participen no proxecto (información detallada da vinculación co sector pesqueiro e cómo se vai levar a cabo), ou promover o consumo de produto pesqueiro local.
- o Acreditar que o proxecto fomentará algunha **actividade vinculada á economía azul sostible**. Informe fundamentado.
- o Cartas de apoio doutras entidades ao proxecto.

15. PROXECTOS CONXUNTOS. No caso de solicitudes formuladas conxuntamente, engadirase tamén:

- A. Un acordo de nomeamento do representante ou apoderado único para os efectos de subvención, asinado polos representantes de todas as entidades solicitantes. (convenio)
- B. A distribución dos compromisos que corresponda executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles (convenio)
- C. Declaración responsable de cada unha das persoas, de acordo co anexo III
- D. Anexo IV: pluralidade de persoas solicitantes

No caso de concorrer conxuntamente como unha agrupación de entidades (proxectos conxuntos) deberán presentar a Memoria de proxecto PE155A cos datos globais do proxecto debidamente cumprimentados, un Anexo Memoria PE155A para proxectos conxuntos para cada unha das entidades socias do proxecto

así como o Plan económico 155A individual para cada un dos participantes e outro Plan económico PE155A co sumatorio dos datos de todos os participantes.

Para a presentación de proxectos conxuntos as entidades deben ter en conta o establecido no artigo 6 das bases reguladoras das axudas. Artigo 6. Persoas beneficiarias conxuntas 1. Poderán concorrer de maneira individual ou conxuntamente, como unha agrupación de entidades as sinaladas no artigo 5.1 entre si e as sinaladas no apartado 2 entre si. No caso de concorrer de forma conxunta, deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponderá a cada unha delas. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, co cal se efectuarán as actuacións, que será unha das entidades Solicitantes, con poderes bastantes para cumprir os deberes que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Os compromisos de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, deberán ratificarse mediante documento outorgado ante o órgano de xestión, unha vez notificada a concesión da axuda.

En virtude do anterior a documentación explicativa sobre o proxecto que deben achegar é a seguinte:

1. MODELO MEMORIA PE155A. Unha memoria que reflectirá os datos globais/totais do proxecto, destacando o que se persegue con carácter xeral. Nesta memoria non é necesario que inclúa datos do apartado 7, xa que fan referencia ao Plan de Empresa, que é algo individualizado de cada entidade.
2. ANEXO MEMORIA PE155A PROXECTOS CONXUNTOS. Un anexo á memoria para cada entidade socia, incluída tamén á representante, coa súa información, indicando os investimentos de cada entidade e o plan de empresa, de estar obrigado a cubri-lo. O plan de empresa fará referencia á súa entidade. Entregaranse tanto anexos como entidades socias do proxecto.
3. PLAN ECONOMICO PE155A (Folla de cálculo). Entregarase un plan económico global co sumatorio dos datos totais do proxecto e a previsión de execución. Tamén se entregará un plan económico individual de cada entidade cubrindo os datos que lle correspondan. Lembre que o apartado 3 de plan de financiamento é obrigatorio para todas as entidades. O resto de apartados a partires deste é para aquelas entidades que realicen unha actividade económica con fin de lucro. Os proxectos que non supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica non precisarán presentar o excel do plan económico.

Revisar no documento de instrucións os apartados da memoria a cubrir (tanto da memoria global como dos anexos que serán tantos como entidades socias, así como do plan económico).